



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

Acta

Acta aprobada na sesión plenaria do día 3/11/2011

Data	27/04/11		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo-.		
Inicio da xuntanza	18:00h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	21:00h
Asisten	- Presidenta, Laura López Atrio - Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero - Secretario, Rafael Ojea Pérez - Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández - Sector docente: - o Antonio Madrid Riskey - o Mª del Carmen Lorenzo Vila - o Xesús Rodríguez Amil - o Santiago Rodríguez Sánchez - o Mercedes Alonso Padrón - Sector usuarios/as: - o Mónica Touza Troncoso - o Mª Bertila Fernández Pérez - o Dolores Iranzo Simó - o José F. Rodríguez Pérez - o Mª Cristina de la Calle Rodríguez - Sector social: - o Alfonso Guitián Álvarez - o Manuel Rodríguez González - o Cipriano Luis Jiménez Casas - o Rodrigo Romaní Blanco		
Escusan asistencia	- Sector docente: María López Bodaño - Sector docente: Jesús A. Camino Soutullo - Sector docente: Adolfo Gálvez Pazos - Sector usuarios/as: Xosé Manoel Pena Gayo - Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos (dase de baixa) - Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado - Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez - Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero - Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez - Sector social: Joaquín Pereira Somoza		
Non asisten	- Sector docente: Marina Pérez Costas - Sector docente: Isidro A. Amoedo Rodríguez - Sector social: Ángeles Arias Miño - Sector social: Consuelo Martínez García - Sector social: Francisco Piñeiro Lorenzo		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	- Pedro Vázquez Iglesias (Técnico do Servizo de Educación). - Sofía Riveiro Oliveira (Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).		

Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta Anterior, se procede
2. Informe da Concelleira de Educación
3. Informe das Comisións de Traballo
4. Propostas da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:
 - Achegas aos anteproxectos de lei
 - Organización de xornadas sobre convivencia escolar
5. Proposta da Comisión de Equipamentos: reiterar as propostas xa feitas
6. As voces do CEMV
7. Moción de Surgapa sobre o Pilivigo 2011
8. Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

Comeza a Presidencia dando conta ao Pleno da presentación dos asuntos propostos para seren incluídos fóra da orde do día: propostas presentadas por *Berila Fernández Pérez* (representante de Foanpas), sobre a xestión de comedores escolares e *Santiago Rodríguez Sánchez* (representante de CIG-Ensino) cunha moción ao Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa,

Intervén o secretario, *Rafael Ojea Pérez*, para indicar que, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Regulamento, os expedientes que non estiveran incluídos na orde do día, poderán ser obxecto de deliberación sempre que así se acorde por maioría no comezo da Sesión.

Rafael Ojea le a proposta (e explica que a moción presentada por Santiago Rodríguez ten relación con outro punto que está na Orde do Día).

ANTECEDENTES

Para as anpas chegou o momento de propoñer ata qué punto temos que continuar coa xestión dos comedores escolares, cando a nosa finalidade como asociacións de nais e pais non é esa, e menos a nosa responsabilidade.

Noutras cidades as federacións correspondentes están a repensarse o cese desta xestión -falamos de Santiago-; ferrol xa o fixo, as do morrazo están por esa liña, e seguirán as demais, valmiñor.....

TEXTO

Solicitamos a este Consello Escolar Municipal que se posicione ante a Consellería de Educación en canto a que asuma a xestión dos comedores escolares.

Logo da lectura, intervén a Presidenta, *Laura López Atrio*, que propón á conselleira que presenta a proposta sobre Comedores Escolares, que a retire para que sexa convenientemente deliberada no seo da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, e así poder aportar elementos suficientes de xuízo ao Cemv para unha resolución ben fundamentada, elaborando un dossier ben completo. A autora da proposta, accede a retirar a solicitude de inclusión na Orde do día para que poda ser debatida en Comisión.

Respecto á moción presentada por *Santiago Rodríguez*, este explica o documento presentado:

ANTECEDENTES

A Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, actualmente en trámite parlamentar, foi elaborada e presentada á sociedade polo goberno da Xunta de forma unilateral **sen promover as achegas, o debate e o consenso da Comunidade Educativa**, á que vai dirixida.

No Parlamento foi rexeitada polos grupos da oposición, así como anteriormente polo Consello Escolar de Galiza e outros, federacións de ANPAS, organizacións pedagóxicas, sindicatos do ensino, etc. O propio CEM de Vigo fai unha análise reprobatoria do texto nas súas **Achegas**...

Non é secundario que, **carecendo dunha Lei galega do sistema educativo** que fixe o marco que necesariamente condiciona a convivencia, a presente norma teña rango de Lei coincidindo cunha maioría absoluta parlamentar que non está a amosar a requerida vontade de consenso en cuestións básicas para a convivencia como a lingüística.

Nesta última liña, a **participación** das nais e pais, ademáis de limitarse ao procedemento de **consulta**, semella unha coartada para consultas que a xurisprudencia dos máximos tribunais e o Consello Consultivo tildaron de, como mínimo, moi inconvenientes e de dubidosa legalidade, como foi lembrado na tramitación do decreto que regula o uso do galego no ensino.

Con rango de Lei, e froito do debate, o consenso e a vontade de proxección no tempo, o realmente necesario é unha Lei educativa galega que satisfaga as necesidades da nosa educación pública. Un dos seus desenvolvementos ulteriores sería, precisamente, unha Lei de Convivencia e Participación **atinada, útil e consensuada**.

TEXTO

O **Consello Escolar Municipal de Vigo** rexeita o texto da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa e insta á Xunta de Galiza a promover o consenso á hora de legislar en materia educativa.

Propón a presidencia que se teña en consideración a súa inclusión para deliberación e acordo, por estar relacionada cun dos puntos da orde do día xa debatido en Comisión Pedagóxica e Comisión Permanente. Sométese a votación co seguinte resultado:

Acordos adoptados
Incluír como punto fóra da Orde do día a moción presentada por <i>Santiago Rodríguez</i> , sobre a Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.
- Votos a favor, 14: [<i>Laura López, Santiago Rodríguez, Manuel Rodríguez, M^a Carmen Lorenzo, Fran Rodríguez, Dolores Irazo, Bertila Fernández, Mónica Touza, Suso Amil, Antonio Madrid, Xan Centrón, Mercedes Alonso, Rodrigo Romaní, Cipriano L. Jiménez</i>] - Votos en contra, 1: [<i>Gonzalo Fernández Fernández</i>] - Abstencións, 0.

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

Intervén *Gonzalo Fernández* (conselleiro en representación da Consellería de Educación) para aclarar que se debe substituír no texto que recolle a súa intervención no Pleno anterior, o parágrafo que indica onde pón “*Esta zonificación cumpriu a súa función bastante ben durante uns dez anos*”, debe poñer “*Esta zonificación cumpriu a súa función bastante ben durante máis de vinte anos*”. Tamén engade que “*as primeiras peticións de reforma xurdiron no curso 2007-2008 por parte da comunidade educativa*”. Admítese esta corrección por asentimento do Pleno.

(*Alfonso Guitián* chega no momento da votación).

Acordos adoptados
Admítese a corrección feita por <i>Gonzalo Fernández</i> acerca da súa intervención recollida na acta.
Sométese a votación a Acta da sesión anterior co seguinte resultado:
- Votos a favor, 15: [<i>Laura López, Santiago Rodríguez, Manuel Rodríguez, M^a Carmen Lorenzo, Fran Rodríguez, Dolores Irazo, Bertila Fernández, Mónica Touza, Suso Amil, Antonio Madrid, Xan Centrón, Mercedes Alonso, Rodrigo Romaní, Cipriano L. Jiménez, Gonzalo Fernández</i>] - Votos en contra, 0 - Abstencións, 1: [<i>Alfonso Guitián</i>]

2. Informe da Concellería de Educación.

Intervén a Presidenta, *Laura López Atrio*, indicando que lerá o texto da súa intervención, co desexo de que poida ser integramente recollido na acta da sesión, derradeira na que asistirá ao Consello Escolar Municipal de Vigo como presidenta, ao non renovar a súa presenza nas listas eleitorais do vindeiro 22 de maio. Incluírá neste informe, a presentación, a cargo dos arquitectos redactores, do “*Estudo sobre o*

estado actual das instalacións deportivas dos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Vigo", encargado polo Servizo de Educación, tal e como se recollera en sesións anteriores do CEMV.

A petición da presidenta, transcríbese a súa intervención íntegra:

OBXECTIVOS XERAIS DA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NO MANDATO 2007-2011

- Afondar nas competencias municipais en materia educativa, racionalizando as actuacións e buscando a maior eficiencia no gasto.
- Incidir decididamente no mantemento preventivo dos centros, minimizando así as actuacións correctivas.
- Modernizar a administración e xestión municipal en Educación.
- Servir como portavoz das necesidades da educación en Vigo perante a Xunta de Galicia.
- Potenciar a participación da comunidade educativa (que o Cemv funcione).
- Aumentar a visibilidade cidadá sobre o feito educativo en Vigo.

1. INFRAESTRUTURAS E COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

As competencias específicas municipais nesta materia céntranse no mantemento, conservación e vixilancia dos Centros educativos de infantil e primaria públicos.

- Afrontouse dende o inicio do mandato, o coñecemento e diagnóstico exhaustivo e sistematizado da situación material dos edificios escolares da rede pública coa redacción do:
 - Estudo con fichas individualizadas nas que se recollen de xeito pormenorizado a situación de cada Centro no referido a instalacións (electricidade, calefacción, saneamento e fontanería) e elementos constructivos (cubertas, carpinterías, revestimentos e pavimentos exteriores e interiores, peches e urbanización) con indicación de prioridades nas actuacións e valoración específica de cada unha delas.
 - Estudo exhaustivo sobre instalacións deportivas nos Centros Públicos e conformación dun plan de investimentos

As conclusións do estudo indican a existencia dun extenso parque de edificios na súa maioría cunha antigüidade entre 20 e 40 anos, que presentan en xeral un envellecemento importante e unha escasa renovación. A pesar das múltiples deficiencias detectadas especialmente no que afecta a elementos relevantes para a seguridade e confortabilidade da edificación, dedúcese a capacidade do parque actual para ser renovado e acadar altos niveis de calidade se se afronta un plan sistemático de modernización por parte da Xunta de Galicia. Para este Plan de modernización considérase realizado por parte do Concello o documento de base que permitirá un plan de investimentos.

- O Concello transmitíu á Xunta de Galicia a necesidade de afrontar os investimentos de xeito racional e baseándose exclusivamente en criterios de prioridade. Para esta finalidade ofreceu á Consellería de Educación a sinatura dun convenio plurianual coa participación técnica e financeira

do Concello de Vigo. Non foi tido en conta.

- Renovouse o contrato de limpeza dos Centros Públicos, que supón un gasto de 2,7 millóns de euros anuais: introdúcense importantes melloras de modernización da xestión, recollida selectiva e control de calidade externo
- A pesar de non ser da súa competencia, afrontouse un programa de investimentos municipais:
 - Un importante plan de renovación das instalacións eléctricas e de calefacción de tódolos centros públicos, a actualización das revisións obrigatorias e a adaptación das instalacións á normativa vixente (300.000 euros con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local (FEIL) e 339.000 euros con cargo a recursos municipais propios, para renovación de calefaccións)
 - A construción, mellora ou ampliación de diversos comedores escolares.
 - A mellora dos accesos en diversos colexios
 - A renovación, mellora e ampliación de instalacións das Escolas Municipais de Música e de Teatro.
 - Modernizouse e informatizouse a xestión da conservación e mantemento dos Centros, estruturando unha Unidade Técnica de Conservación e axilizando a comunicación cos centros de ensino mediante un sistema de avisos centralizados e a resposta inmediata e o asesoramento ás demandas dos Centros;
 - Racionalizouse o procedemento de autoxestión (transferencias económicas directas aos Centros para afrontar autonomamente pequenas reparacións). Aprobación e edición da Guía de Mantemento (incidindo especialmente no mantemento preventivo) e asunción directa polo Servizo de Educación de aspectos de difícil xestión por parte dos Colexios antes adscritos a autoxestión (mantemento sistemas de evacuación das cubertas, podas, instalacións de fontanería, alarmas).

O que queda por facer:

Os retos fundamentais nesta área de actuación :

- Asunción por parte da Consellería de Educación dun Plan de Modernización das infraestruturas dos Colexios Públicos de Infantil e Primaria, coa participación do Concello de Vigo, encamiñado a situar os edificios e zonas escolares nos estándares medios de calidade que permitan unha axeitada función docente.
- Acadar un Plan de Modernización das instalacións deportivas, financiado por varias administracións, que permita non só o axeitado uso por parte do alumnado dos centros, senon tamén un amplo plan de uso público, integrando a infraestrutura deportiva escolar no conxunto da oferta pública de equipamentos na cidade.
- Integrar plenamente aos porteiros-vixiantes dos Colexios Públicos de Infantil e Primaria na estrutura do servizo de Educación e situalos funcionalmente como parte fundamental do sistema de conservación preventiva dos edificios.

2. ESCOLAS MUNICIPAIS

O Servizo de Educación xestiona a Escola Municipal de Teatro, a Escola Municipal de Música, a Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (e-Trad), a Escola Municipal de Artes e Oficios e 4 Escolas Infantís Municipais.

Escolas de música e artes escénicas. Escola Municipal de Artes e Oficios

Neste ámbito, o obxectivo da concellería durante este mandato foi a ordenación e sistematización da oferta educativa municipal, o desenvolvemento curricular no camiño dunha oferta unificada baixo o epígrafe EMMA --Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas-- e a mellora das infraestruturas nas que están ubicados estos servizos.

- Creouse e dotouse de persoal docente a nova Escola Municipal de Música Tradicional (e-Trad), institucionalizando e ampliando a oferta do que fora o seu xerme: o Conservatorio de música tradicional da Escola Municipal de Artes e Oficios. Actualmente existe un itinerario afeccionado e un profesional, con 300 alumnos/as. A iniciativa da concellería de Educación, por medio da e-Trad, logrouse o financiamento europeo (Programa *Cultura* da UE) para a creación da Rede Europea de Escolas e Orquestras Folk, coa participación de organizacións de Finlandia, Escocia, Irlanda e Italia.
- Realizouse un novo contrato de xestión da Escola Municipal de Música, cunha importante renovación da súa oferta educativa, coa modificación curricular máis adaptada aos obxectivos de educación musical contidos na LOE, diferenciándoa da oferta educativa dos Conservatorios.
- Realizouse unha importante mellora das instalacións e mobiliario da Escola Municipal de Música e ampliouse coa construción dun novo e moderno auditorio na edificación anexa;
- Dotouse de nova e unificada sede á Escola Municipal de Teatro, nas antigas instalacións da Escola Cristo da Victoria
- Unifícase para o curso 2011-2012 o proceso de matrícula en todas as escolas e establécese un procedemento informatizado e vía web da recepción e xestión de solicitudes
- Realizouse o proxecto arquitectónico para a sede de EMMA, planteada na gran estrutura actualmente en abandono, construída a carón do CEIP Fleming
- Normalizouse administrativa, organizativa e curricularmente a Escola Municipal de Artes e Oficios, coa posta en marcha do Plan de Normalización Curricular, a estabilización do cadro docente, a mellora das instalacións, equipamento e materiais, a modernización e informatización da administración e a creación dunha nova Sala de Exposicións temporais (o *Espazo EMAO*, que inaugurou recentemente a súa segunda mostra pública).
- Establecéronse os alicerces para o desenvolvemento de programas de Música en Comunidade
- As Escolas de Música desenvolven unha nova actividade externa co programa de *Tocar é sentir (música na Escola)* con concertos e actividades didácticas ofertados directamente á poboación escolarizada de primaria e secundaria.

O que queda por facer:

Os retos fundamentais nesta área de actuación :

- A consecución dun edificio específico para a actividade central das Escolas, nunha soa estrutura organizativa, EMMA, que permita un uso máis eficiente dos recursos dispoñibles e a xeración de

sinerxias na organización e actividades das distintas especialidades de música e artes escénicas dependentes do Concello de Vigo;

- A integración da Escola Municipal de Danza na xestión da área de Educación (actualmente está en festas e Animación Sociocultural) e no proxecto EMMA, diversificando a súa oferta a outras especialidades de baile e danza, máis alá da súa hiperespecialización en baile galego
- A creación e consolidación dun programa de Música e artes escénicas en comunidade, que faga participar ao conxunto da sociedade dos beneficios da expresión sobre a calidade de vida cidadá.
- A reforma integral, mediante a súa modernización, do edificio da Escola de Artes e Oficios e o desenvolvemento dun novo Plan de Estudos, unha vez rematada a fase de estabilización representada polo Plan de Normalización Curricular. A consecución dun financiamento axeitado que permita a ampliación da oferta, especialmente nas especialidades máis demandadas

3. PROGRAMACIÓN EDUCATIVA

O obxectivo xeral neste mandato foi a avaliación, mellora e consolidación dos programas existentes e a creación de novos programas vinculados á arte, así como a mellora da capacidades en lingua inglesa do alumnado e o seu contacto con outras culturas:

- O programa “Vigo por dentro” xestiónase cun novo contrato que pon o acento na mellora da orientación didáctica da oferta de visitas. Créanse as ferramentas de comunicación mediante a posta en marcha dunha paxina web dinámica que permite non só informar, senon xestionar o proceso de solicitude e de avaliación por parte dos usuarios. Publícanse novas unidades didácticas (neste mes presentaranse catro vinculadas a outras tantas visitas do programa: Igrexas románicas, Lagoa Mol, Rio Eifonso e Vila de Bouzas)
- Recupérase o programa “Arte na Aula”, orientado a fomentar a motivación polas manifestacións artísticas contemporáneas
- Iníciase en 2007 o programa “Aulas Internacionais” que desenvolve:
 - O Programa de “Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO)”, cunha oferta xa no ano 2011 de 290 prazas para alumnado de 4º da ESO para estancias lingüísticas en inmersión en Centros educativos de Inglaterra e Irlanda.
 - O Programa “Vigo Activities”, con oferta aos Colexios de actividades de teatro, contacontos, encontro con nativos e itinerarios urbanos en inglés
- Dótase á Escola Oficial de Idiomas de 80 bolsas de axuda anuais para o alumnado, para cursos de perfeccionamento no estranxeiro
- Desenvólvense campañas específicas de animación á lectura e Certame de Teatro Escolar.

O que queda por facer:

Os retos fundamentais nesta área de actuación :

- Transformar definitivamente “Vigo por Dentro” nun programa integrado e integral de utilización didáctica da Cidade, mediante a recualificación didáctica da súa oferta de visitas e itinerarios, e mellora substancial da súa vinculación co currículum escolar;
- Dimensionar os programas de Inmersión Lingüística para equilibrar o seu gasto co do conxunto

dos programas de dinamización educativa;

- Establecer unha oferta coordinada, coherente e sistematizada do conxunto da oferta de actividades educativas dirixidas á poboación escolar, tanto de organismos municipais como doutras administracións ou de entidades privadas. O modelo sería o da Consell de Coordinació Pedagógica de Barcelona.
- Despregar a potencialidade educadora para a poboación escolarizada, dos recursos existentes nas Escolas municipais de música e artes escénicas.
- Desenvolver un amplo Plan de Educación Permanente de Adultos (Educación ao longo da vida) e programas de segunda oportunidade para xoves con dificultades de escolarización na rede normalizada;
- Coordinar os programas de deporte escolar e de ocio desenvolvidos polas concellerías de deportes e de xuventude, para poñer o énfase no seu carácter educativo.

4. ESCOLARIZACIÓN

Se ben o Concello carece de competencias específicas nesta materia, foi obxecto de preocupación na concellería:

- O déficit de prazas escolares públicas no casco urbano central da cidade, con especial referencia á situación dos Colexios Caixa de Aforros, Escola Infantil Hernán Cortés e Nogal e CEIP Altamar.
- A importancia de dotar ao novo barrio de Navia dun equipamento escolar acorde coas necesidades da nova poboación, coa ampliación do CEIP AR Castelao, nova Escola Infantil 0-3 e a creación de novos equipamentos complementarios na zona como biblioteca e centro de lectura e recursos educativos para escolares;
- A necesidade de ampliar a oferta educativa na cidade no sector de 0-3 anos. No curso 2011-2012 abrirán tres novas Escolas Infantís Municipais.
- A necesidade de reconfigurar a oferta educativa no barrio de Teis pola situación de extrema precariedade do CEIP Vicente Risco;
- A ordenación dos servizos complementarios de conciliación vinculados coa Escola: comedores escolares e “aulas madrugadoras”
- A necesidade de racionalizar a distribución da poboación escolar e a súa axeitada integración na trama e fluxos urbanos mediante a elaboración dun rigoroso instrumento de planificación en colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello: o Mapa Escolar. Neste sentido, en conversa que mantiven na reunión de onte do Consello Social da Universidade co Rector da Universidade de Vigo, este comprometeuse a estudar os medios dispoñibles para a posibilidade de que sexa esta institución a que realice este traballo e comunicarllo ao Concello de Vigo.

O que queda por facer:

Os retos fundamentais nesta área de actuación:

Sen dúbida o principal déficit é a inexistencia dun instrumento de planificación que presente o diagnóstico da situación actual en materia de escolarización na cidade e conteña unha proposta de actuación baseada nos criterios de proximidade, mobilidade urbana, cubrición de zonas con déficit de postos escolares e previsións de novas construcións ou reformas/transformacións das existentes a curto e medio prazo.

Como cuestións concretas obvias:

- A creación de prazas escolares de infantil e primaria públicas no casco urbano central da cidade
- A extensión da etapa de primeiro ciclo de Educación infantil (0-3)
- A reconsideración do CEIP Vicente Risco, a súa reconstrucción, especialización e redistribución da súa oferta educativa;
- A ampliación en tres novas liñas do CEIP AR Castelao de Navia
- A racionalización do sistema de transporte escolar
- O planeamento racional e sostible dos servizos de conciliación: comedores escolares e “aulas madrugadoras”: dimensión e alcance, institucionalización e financiamento.

5. PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE

Os obxectivos principais da concellería neste mandato neste ámbito foron:

- A posta en marcha plena dun Consello Escolar Municipal cun funcionamento real e normalizado.
- A mellora da participación municipal nos Consellos Escolares de Centro.
- O apoio á organización e actividade da FOANPA.
- O traballo en común coas concellerías de educación das principais cidades de Galicia.

Neste sentido actuouse:

- Elaboración dun novo regulamento do Consello Escolar Municipal, renovación e posta en marcha, aportando tódolos medios precisos para posibilitar a óptima participación dos distintos sectores implicados na Educación en Vigo.
- Renovación e ampliación do convenio coa FOANPA para o seu funcionamento, realización de actividades extraescolares e atención ao servizo de comedores escolares.
- A creación, a iniciativa das concelleiras de Educación de Vigo e Santiago, do Grupo de Traballo de Concellos e Educación de Galicia (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago, Ferrol e Vigo), composto dunha mesa central e 4 comisións de traballo formadas por técnicos e representantes políticos das sete cidades: Competencias específicas/Escolas Infantís/Escolas de música e Artes escénicas/Actividades extraescolares. Elaboráronse documentos comúns que plantean a necesidade dunha planificación educativa que conte cos concellos como administración máis próxima aos cidadáns e teña en conta a experiencia desenvolvida pola administración local de Galicia nos últimos 25 anos. Celebrouse unha Xornada de Traballo en Compostela coa participación de máis de 200 profesionais e políticos vinculados coa educación e os concellos na nosa comunidade.

O que queda por facer:

Os retos fundamentais nesta área de actuación:

- Desenvolver plenamente os estatutos do CEMV, especialmente nos aspectos relativos ao seu carácter consultivo, materializando a obriga do Concello de consultar previamente ao Consello Escolar en aqueles asuntos que sexan obxecto de resolución por parte do Pleno e Xunta de Goberno do Concello de Vigo
- Dotar ao Consello Escolar Municipal de aqueles instrumentos técnicos e materiais que vaian

encamiñados a potenciar a participación activa dos seus compoñentes e a comunicación destes cos sectores que representantes

- Modificar o sistema de representación municipal nos Consellos escolares de Centro de xeito que se garanta a asistencia e plena participación do representante municipal, incidindo no seu carácter de canle de comunicación privilexiado entre o Centro e o Servizo de Educación municipal. Estender a participación municipal aos Consellos Escolares dos Centros Privados sostidos con fondos públicos;
- Mellorar o apoio ás Federacións de Pais reforzando o seu carácter de entidades de participación e minimizando o seu carácter de prestadoras de servizos en substitución da Administración.
- Creación do Consello de Coordinación Pedagóxica de Vigo, como órgano para a racionalización e sistematización da oferta de programas e actividades educativas dirixidas á comunidade escolar por parte de administracións, institucións e entidades privadas.
- Elaborar un proxecto de colaboración entre o Concello (concellerías de deporte, transporte, benestar social, sanidade e educación), as Consellerías correspondentes e a Deputación, para a atención axeitada de nenos e nenas con necesidades especiais, así como ás súas familias.

A CIDADE EDUCADORA

Sen dúbida queda moitísimo camiño por percorrer para que Vigo responda plenamente ás finalidades e obxectivos de ser unha cidade educadora, no sentido en que se expresa tanto na Carta Mundial de Cidades Educadoras como nos documentos programáticos da Rede Española e Internacional de Cidades Educadoras. Con seguridade, débese traballar especialmente na sensibilización da sociedade de cara tanto á mellora da educación regrada, como á consideración da educación como unha actividade permanente ao longo da vida, para acadar a calidade imprescindible para o pleno desenvolvemento como seres humanos libres. Neste sentido, penso necesario un esforzo especial do Consello Escolar Municipal para sensibilizar aos medios de comunicación de cara á consideración do campo da educación como obxecto da súa información xeral.

Nesta época de crise, que se amosa como longa, senon permanente, é máis necesario cá nunca que a Educación forme parte esencial da preocupación e do gasto da administración pública. Que o Consello Escolar Municipal despregue toda a actividade que potencialmente ten, será un factor importante nesa recuperación social do feito educativo.

Os Concellos, nesta tarefa de acadar unha educación ao longo da vida, son institucións, estou convencida, idóneas: pola súa proximidade aos problemas cotiás da cidadanía, pola súa capacidade de resposta e organización fortemente apegada á realidade e ao territorio, pola cantidade de recursos de alto potencial educador que atesoura nos seus distintos servizos e no propio espazo urbano que administra.

Laura López remata dicindo que este documento colgarase na rede para que estea a disposición dos conselleiros, indicando que quen o desexe poderá facer despois preguntas e intervencións sobre o tema; tamén que ata o 10 de xuño gustaríalle recibir aportacións a este documento, vía internet, para que se lle trasladen. Despois de agradecer a todos e todas a súa atención, dá paso aos autores do *Estudo sobre as instalacións deportivas dos centros públicos*, para que expoñan unha síntese do traballo realizado para o Servizo de Educación.

(Chega *M^a Cristina de la Calle*).

Interveñen, como técnicos invitados, os redactores do estudo, os arquitectos Xabier Mariño, Vicente Pintos e Javier Franco, para expoñer as liñas básicas deste estudo, ilustrándoas coa proxección de diapositivas.

Comeza *Vicente Pintos* pola primeira parte do traballo, síguelle logo Xabier Mariño explicando o estado proposto, e por último, Javier Francos presenta as conclusións e os plans (reprodúcese na acta, polo seu interese, o contido da súa exposición recollido en parte das diapositivas proxectadas:

objetivos básicos. alcance del trabajo.

El alcance del trabajo comprende la recogida de datos y la caracterización de la situación actual así como el importe estimado para las inversiones a realizar en las instalaciones deportivas de los Centros Públicos de Enseñanza Infantil y Primaria del Concello de Vigo.

Instalaciones cerradas / interiores	- GIMNASIOS Tipo de instalación (integrada en el edificio principal o en edificio anexo) Valoración. Usos complementarios Dimensiones.
	- PABELLONES POLIDEPORTIVOS Valoración. Usos complementarios (usuarios externos, usos socio-culturales) Dimensiones.
Instalaciones abiertas / exteriores	- PISTAS DEPORTIVAS DESCUBIERTAS Valoración. Usos complementarios (usuarios externos) Dimensiones.
	- PISTAS DEPORTIVAS CUBIERTAS Y/O SEMICERRADAS Valoración. Usos complementarios (usuarios externos) Dimensiones.
Actuaciones propuestas y presupuesto estimado	Se indica en este apartado el tipo de actuaciones propuestas y las valoraciones económicas parciales y totales para cada centro.
Comentarios y recomendaciones	Se indican en este apartado las observaciones realizadas sobre las instalaciones estudiadas, acerca de su estado de conservación, de su potencial, etc.
Descripción gráfica	Se incorpora aquí la información fotográfica realizada en cada centro y comentada en función de aquello que interesa señalar.




Régimen de uso de los gimnasios. Tipo de uso




Centros cuyos gimnasios alcanzan el estándar de 4,00 m²/alumno





Superficies de los gimnasios de los CEIP del Concello de Vigo. La línea negra marca la frontera del estándar de 4,00 m²/alumno

Los gimnasios
están integrados
en el edificio
principal
38,24%




Los gimnasios
son edificaciones
independientes o
con accesos
diferenciados
61,76%

Ubicación física del gimnasio en relación al edificio principal del centro escolar.



Uso exclusivo de
alumnado del
centro
94,87%



Hay actividad
deportiva
externa al centro
5,13%

Régimen de uso de los gimnasios. Tipos de usuarios.



aspectos cualitativos: características funcionales o ambientales de los recintos.

pavimento específico

liso, antideslizante y amortiguador, para cuidar las articulaciones y reducir riesgo de caídas y el daño que en estas pueda producirse.

luz natural

abundante y tamizada o alta para evitar deslumbramientos.

ventilación natural

cruzada y constante, que aporte el oxígeno necesario para la actividad deportiva y refresque el ambiente, evitando olores residuales.

confort acústico

tratamiento superficial fundamentalmente absorbente, con tiempos cortos de reverberación que reduzcan la sensación de bullicio.

confort térmico

calefacción suficiente y con medios de producción adecuados al espacio y uso, que no supongan costes excesivos de mantenimiento.



Condiciones de pavimentación




Condiciones de ventilación




Condiciones de iluminación






Disponibilidad de calefacción en los gimnasios



Condiciones acústicas en los gimnasios



estado, usos y dimensiones de las diferentes instalaciones. pistas deportivas exteriores.




Estado de conservación de las pistas exteriores




Régimen de uso de las pistas deportivas. Tipos de usuarios





Estado de conservación de las pistas descubiertas



Estado de conservación de las pistas cubiertas




Pistas cubiertas respecto al total



Situación de las pistas deportivas respecto a las dimensiones mínimas




estado, usos y dimensiones de las diferentes instalaciones. pabellones.



Estado de conservación de los pabellones




CEIP San Salvador de Teis



Dimensiones de las pistas de juego en los pabellones




CEIP Sárdama Moledo



Régimen de uso. Tipos



CEIP Celso Emilio Ferreiro



Régimen de uso. Usuarios



CEIP Seis do Nadal

2- estado propuesto. referentes y actuaciones detalladas
referentes normativos
estándares adoptados
propuestas de actuación
ejemplos

Estándares mínimos adoptados en instalaciones deportivas educativas. Referentes.

Normativa autonómica y nacional:

Real Decreto 132/2010, de 12 de febrero, por el que se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas de segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria"

Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo. Código Técnico de Edificación.

El RD 132/2010 establece como requisitos mínimos para los centros docentes que impartan la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y/o el bachillerato, que cuenten con:

- *Un patio de recreo, parcialmente cubierto, susceptible de ser utilizado como pista polideportiva, con una superficie adecuada al número de puestos escolares. En ningún caso será inferior 900 metros cuadrados.*
- *Un gimnasio con una superficie adecuada al número de puestos escolares.*

Como referencias normativas anteriores tenemos el anterior RD 1004/1991 que exigía para centros de enseñanza infantil y primaria una superficie mínima para gimnasio + vestuarios de 240 m², en centros hasta 27 Unidades (9+18), 675 puestos escolares.

No hay un criterio normativo riguroso. No se establecen dimensiones mínimas, dotaciones o condiciones constructivas.

El enfoque es de mero equipamiento adicional del centro de enseñanza y no de espacio específico para la práctica deportiva.

Con estos dos tipos de instalaciones estarían cubiertos los mínimos exigibles, pero hay otro tipo de instalaciones que consideramos aconsejables:

•**Una pista cubierta:** Además de la pista exterior, un espacio exterior cubierto de 44 x 22 x 7,50m (Largo / Ancho / Altura libre), emplazado en aquellas parcelas de los centros en los que tuviese cabida, de forma que mejorara la actividad deportiva sin suponer un perjuicio en la urbanización general de la misma (cercanía a los otros edificios, eliminación de vistas, ocupación en planta excesiva de lo edificado respecto a la superficie libre de parcela, etc.). Sería interesante que esas pistas cubiertas estuvieran en situación de poder transformarse en pabellones, toda vez que estos posibilitan aumentar en gran medida el uso deportivo, tanto para las actividades deportivas escolares como las extra-escolares.

•**Un pabellón polideportivo:** Un espacio cerrado y cubierto que albergue una pista de 44 x 22 x 7,50m (Largo / Ancho / Altura libre), con los mismos criterios que los indicados para la cubrición de pistas, o como un segundo paso en las mejoras sobre las pistas cubiertas. Sería una cualidad añadida en la ubicación dentro de la parcela el poder tener un acceso independiente al resto de las instalaciones del centro, de forma que pudiera ser utilizados fuera del horario escolar.

Propuestas de actuación.

Aspectos básicos:

- Alcanzar los estándares mínimos propuestos para las instalaciones deportivas dentro del uso escolar.
- Posibilitar un mayor aprovechamiento de las instalaciones deportivas fuera de la exclusividad escolar, pensando en su utilización por el resto de la población fuera del uso escolar.


Esta idea, aunque no es novedosa y siempre tiene que ir acompañada de un desarrollo de los cauces de gestión adecuados, permitiría poner a disposición de los ciudadanos un amplio patrimonio deportivo que actualmente se encuentra repartido por las diferentes parroquias del Concello de Vigo y que se considera que está siendo infrautilizado en el momento actual. Estas pistas y salas deportivas deberían de ser objeto de un uso lo más amplio posible. Desde esta perspectiva de optimización de los recursos, es necesaria la implicación de las distintas administraciones para conseguir los equipamientos más adecuados tanto para los alumnos como para los ciudadanos, estableciendo los mecanismos necesarios para que estas instalaciones puedan ser usadas fuera de los horarios lectivos. Al mismo tiempo la administración municipal debería garantizar el uso por parte de los escolares de la red básica deportiva municipal.

Estos usos no lectivos estarían enfocados a la promoción deportiva de niños y jóvenes, a actividades físicas para la tercera edad, a las dirigidas a personas con disminución o a otros grupos de población en situaciones sociales especiales, y a los programas de salud y actividad física dirigida a la población adulta en general. También tendrían cabida dentro de este uso social las asociaciones y los clubs o federaciones que quisieran desarrollar sus entrenamientos y la práctica de la competición dentro de estas instalaciones.


En absoluto compete a este trabajo realizar una distribución y optimización del uso y gestión de las instalaciones deportivas en el ámbito del Concello de Vigo, toda vez que estas previsiones deberían de hacerse o estar hechas desde el planeamiento general urbanístico municipal, con conocimiento de la composición de la población y de su distribución por parroquias, de los equipamientos existentes deportivos y educativos, de los posibles crecimientos y demandas, de la disponibilidad de suelo, etc. Pero debería de haber un criterio de cercanía entre la red básica deportiva municipal (pistas, pabellones, piscinas,...) y los centros educativos que permitiera esa relación biunívoca de uso de las instalaciones.

En este trabajo se indican las posibilidades existentes en algunas de las parcelas de los centros educativos para poder reubicar, en caso de ser necesario, los distintos equipamientos deportivos: salas, pistas exteriores, pistas cubiertas y pabellones, con los criterios de acomodo en la urbanización interior existente, de no interferir por cercanía o ubicación con los demás edificios existentes, de su facilidad de independizarse del resto de la actividad escolar, por ejemplo con acceso directo desde el exterior, en parcelas con buena accesibilidad desde el ámbito cercano, etc. Se intentará al mismo tiempo estudiar una optimización de la inversión de manera que una pista exterior tenga la posibilidad de cubrirse, de cerrarse y posteriormente de transformarse en un pabellón.

Los siguientes gráficos resumen las inversiones propuestas según los criterios expuestos.



Distribución de la inversión por centros



Distribución de la inversión por tipo de instalación

Propuestas de actuación. Gimnasios.

Condiciones establecidas para todos los centros:

- Superficie mínima de 200 m² y 4,50 m de altura.
- Vestuarios masculinos, femeninos y para monitor, con duchas, así como un almacén.
- Un pavimento deportivo de tipo sintético.
- Un techo que permita el acondicionamiento acústico de la sala.
- Iluminación y ventilación naturales.
- Calefacción.
- Espacios seguros y de fácil mantenimiento.

De los 7 puntos indicados, el punto “1. Superficie mínima de 200 m² y 4,50 m de altura” es el más difícil de alcanzar, y de hecho, no es posible hacerlo en todos los casos. De los gimnasios que se encuentran por debajo del estándar, la mayoría lo está con una desviación del 20% al 30% en cuanto a la superficie y con una desviación entorno a un 10% en la altura. La mayoría tienen muy pocas posibilidades de ampliación (tanto de la superficie como de la altura) al tratarse de piezas integradas en el edificio o aulario principal, pero en aquellos casos en que esto es posible hacerlo se propone su ampliación: CEIP Alfonso R. Castelao y CEIP Frián Teis.

Además existen tres centros cuyos gimnasios, aún estando relativamente en estándares de superficie, pero no de altura, consideramos que son espacios totalmente inadecuados para el uso al que están destinados y que no tienen posibilidades reales de mejorarse, por lo que se propone la realización de nuevos gimnasios en sus respectivas parcelas. Estos centros son CEIP O Pombal, CEIP Josefa Alonso y CEIP Pintor Laxeiro. Así mismo indicar que todos los centros, salvo tres, disponen de un espacio destinado a gimnasio. De estos tres, el CEIP Celso Emilio Ferreiro y el CEIP Moledo-Sárdoma utilizan un pabellón deportivo como gimnasio, mientras que el CEIP Altamar carece del mismo, y de espacio físico en la parcela para realizarlo.

Propuestas de actuación. Pistas deportivas exteriores descubiertas.

Extensiva a todos los centros, salvo al CEIP Altamar y al CEIP Ramón y Cajal. El resto de los centros de educación infantil y primaria disponen de pistas polideportivas que no están en un estado precisamente bueno. Aunque en el aspecto dimensional estamos cercanos al estándar propuesto, en los aspectos de calidad constructiva, de los materiales y de la urbanización estamos bastante alejados de dichos estándares.

Condiciones exigibles:

- Dimensiones 44 x 22m.
- Un pavimento deportivo de tipo sintético, que mejore la seguridad y las condiciones de la práctica deportiva.
- Una correcta evacuación de las aguas pluviales.
- Una mínima urbanización del entorno inmediato, de forma que otros materiales (arenas, tierra, piedras,...) no deterioren el pavimento deportivo.

El criterio básico utilizado en la valoración de cada centro ha sido intentar alcanzar las dimensiones mínimas si la parcela ofrece posibilidades para ello, y aumentar la calidad y confort deportivo de todas las pistas. Proponemos mejorar la calidad de la solución más extendida hoy en día, la pista de hormigón pulido o asfáltica, sustituyéndolas por pistas con un acabado superficial específico para la actividad deportiva, de tipo sintético para exteriores, con una mayor flexibilidad y durabilidad, con una superficie antideslizante y no abrasiva.

Propuestas de actuación. Pistas deportivas exteriores cubiertas.

Reparación de las pistas polideportivas cubiertas existente en los centros, con los mismos estándares de calidad propuestos para las pistas exteriores y con los mismos materiales de acabado

Evaluación de qué centros tienen una situación óptima para que se puedan cubrir las pistas. Se ha estudiado de forma que la cubrición de la mismas no afecte negativamente a la configuración del centro, de manera que no suponga problemas dentro de la urbanización general de la parcela, no generen problemas por la cercanía a los edificios existentes, afecten a masas vegetales, por la ocultación de vistas, que no exista una ocupación excesiva en planta de la edificación respecto a la totalidad de la parcela, etc.

Los centros que se han considerado con buenas condiciones para la cubrición de una pista polideportiva son CEIP Balaidos, CEIP Canicouva, CEIP Carballal, CEIP Carrasqueira, CEIP Frián-Teis, CEIP Sobreira y CEIP A Paz Tintureira.

Propuestas de actuación. Pabellones.

Mismo criterio que las con pistas cubiertas, consistente en la reparación de las instalaciones existentes y en la propuesta de dotación de nuevos pabellones en aquellos centros cuyas parcelas tienen cualidades para ello, tanto por la posibilidad de convertir las pistas cubiertas existentes en un pabellón como por la realización de uno completamente nuevo.

En el primer caso, de los cuatro pabellones existentes, se propone la reparación de tres de ellos, los existentes en los CEIP Sárdoma Moledo, CEIP San Salvador y CEIP Celso Emilio Ferreiro, mientras que para el tercero, situado en el CEIP Seis do Nadal, se propone su demolición y la realización de uno nuevo.

En el segundo caso se propone la dotación de pabellones tanto en aquellos centros que poseen pistas cubiertas susceptibles de transformación, como en los que se podría realizar uno nuevo. Estos centros coinciden con los que proponemos para cubrir las pistas polideportivas exteriores, pues los criterios son los mismos, a los que se añaden el CEIP Javier Sensat, el CEIP Chans Bembrive y el CEIP Lope de Vega.

Una vez conocido cual es el diagnóstico de la situación actual de las instalaciones deportivas referido a su estado de conservación por una parte y a su estado de observación de los estándares que han sido indicados como referencia por la otra, señalar lo siguiente:

- Muchos de los centros educativos cuentan a nivel cuantitativo con las instalaciones mínimas necesarias, incluso cumpliendo a nivel dimensional los estándares que se han indicado para gimnasios y pistas deportivas.
- La mayoría de los centros no cuenta a nivel cualitativo con instalaciones deportivas satisfactorias, que cumplan o se acerquen cuanto menos a los estándares indicados y que por tanto garanticen el confort necesario.
- Existen situaciones particulares insostenibles, que deben ser subsanadas de inmediato, por varios motivos, entre ellos por su latencia en el tiempo y por lo injustificable que todo esto resulta a día de hoy. Este punto se centra fundamentalmente en el estado de varios gimnasios y vestuarios así como el de algunas pistas deportivas (ver puntos 2 y 5 del presente documento).

Por tanto, y en función de estas conclusiones, creemos que se debe establecer una estrategia de actuación que opere en dos niveles simultáneamente y que son los siguientes:

- **Nivel de actuación inmediato:** ha de encargarse de resolver con la máxima urgencia las situaciones particulares insostenibles anteriormente citadas, no supone un alto nivel de inversión y se centra en resolver adecuadamente los espacios para gimnasios y vestuarios en varios centros y en pavimentar debidamente varias pistas deportivas exteriores. Se cree igualmente que este nivel de actuación podría resolverse en un plazo máximo aconsejable de entre 6 y 9 meses. En cualquier caso debiera procederse con urgencia al inicio del estudio para la solución de estos casos particulares.
- **Nivel de actuación a corto y medio plazo:** ha de encargarse de que se alcancen los estándares mínimos indicados, que garanticen por un lado el cumplimiento de la normativa exigible y por otro la equiparación de las instalaciones deportivas entre los propios centros educativos. Se cree razonable que este nivel de actuación pudiera resolverse en un horizonte de 12-24 meses.

Como ya se inició, el nivel de actuación inmediato no implica una alta inversión económica y creemos que pudiera acometerse bien con fondos municipales o en su caso de procedencia autonómica. El nivel de actuación a corto y medio plazo implica otro grado de inversión económica considerablemente más elevado que el anterior y creemos que resultará más operativo alcanzar este objetivo si se formula no centro a centro sino a través de Planes de Actuación con carácter conjunto para todos ellos, centrados fundamentalmente en los distintos tipos de instalaciones deportivas existentes, esto es:

•**Plan de mejora de gimnasios:** englobará la mejora con carácter sistemático de todos los gimnasios y dependencias asociadas existentes (vestuarios y almacenes), con el objetivo de cumplir los estándares mínimos indicados, por tanto, mejorar las condiciones acústicas de los locales (en el 92,31% de los centros las condiciones acústicas no son adecuadas), mejorar la calidad del pavimento deportivo (el 66,67% de los centros no cuentan con un pavimento adecuado), mejorar la ventilación e iluminación (el 90% de los centros no cuenta con condiciones de ventilación aceptables y el 64,10% carece de suficiente iluminación natural) así como dotar o mejorar las instalaciones de calefacción. Este plan se refiere propiamente a la mejora de instalaciones de uso exclusivo escolar.

•**Plan de mejora de pistas deportivas:** englobará la mejora con carácter sistemático de la pavimentación de todas las pistas deportivas exteriores (descubiertas y cubiertas), con el objetivo de cumplir los estándares mínimos indicados, por tanto, se procederá a la incorporación de pavimentos deportivos de tipo sintético, que mejoren la seguridad y las condiciones de la práctica deportiva (el 64,24% de las pistas existentes se encuentran en mal o muy mal estado), se revisarán y en su caso se mejorarán los sistemas de evacuación de las aguas pluviales y se cuidará mínimamente la urbanización de contacto con las pistas. Este plan se refiere propiamente a la mejora de instalaciones de uso compartido interno y externo (recordar que existen actividades deportivas con usuarios externos al centro en el 57,35% de las pistas deportivas existentes).

Con la realización gradual de estos dos planes, se mejoraría sustancialmente el estado actual de las instalaciones deportivas existentes y se equipararían estas entre los distintos centros, aspecto este mas que necesario. Aunque comunes en objetivos, ambos planes son autónomos en consecución, por tanto para cada uno de ellos podrán buscarse y habilitarse vías de financiación de forma independiente o conjunta. Creemos que debieran implicar simultáneamente la inversión municipal con la autonómica vía convenios de colaboración.

CENTRO	1001	1002	1003	1004	1005	1006	1007	PEM	PC	PC+IVA	Porcentaje total
18 CEP Julio Cesar	78.996,00 €	14.871,00 €	13.000,00 €	- €	- €	- €	- €	167.517,00 €	127.945,21 €	150.075,37 €	1,69%
19 CEP Balados	82.560,00 €	71.750,00 €	12.000,00 €	- €	- €	- €	- €	166.310,00 €	197.908,90 €	215.321,50 €	2,61%
20 CEP Coutado-Beade	70.800,00 €	35.280,00 €	- €	123.250,00 €	- €	- €	- €	229.330,00 €	272.902,70 €	312.015,19 €	3,59%
21 CEP Ocas-Bemilve	45.000,00 €	132.300,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	177.300,00 €	210.967,00 €	248.964,66 €	2,78%
23 CEP Moscare-Bemilve	68.080,00 €	51.896,50 €	20.000,00 €	- €	- €	- €	- €	141.976,50 €	168.952,04 €	199.363,40 €	2,23%
24 CEP Santa Maria	42.000,00 €	41.650,00 €	24.000,00 €	- €	- €	- €	- €	107.650,00 €	128.103,50 €	151.162,13 €	1,69%
25 CEP Carballeda	294.400,00 €	28.035,00 €	10.000,00 €	- €	- €	- €	- €	47.675,00 €	80.533,25 €	95.029,24 €	1,04%
26 CEP Sello	28.000,00 €	26.250,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	54.250,00 €	64.557,50 €	76.177,85 €	0,85%
27 CEP Fontecura	51.880,00 €	15.983,10 €	- €	- €	- €	- €	- €	67.863,10 €	80.757,09 €	95.293,37 €	1,06%
28 CEP Igrexa-Candelin	34.400,00 €	52.500,00 €	4.800,00 €	- €	- €	- €	- €	91.700,00 €	109.123,00 €	128.765,14 €	1,44%
29 CEP A Diabada	29.000,00 €	23.100,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	52.100,00 €	61.999,00 €	73.158,82 €	0,82%
30 CEP Na de Vigo	48.100,00 €	56.925,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	99.025,00 €	117.839,75 €	139.650,91 €	1,53%
31 CEP Mesras Goltar	40.160,00 €	26.985,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	67.145,00 €	79.902,55 €	94.285,01 €	1,05%
32 CEP Cancoas	80.000,00 €	31.500,00 €	12.000,00 €	250.000,00 €	- €	- €	- €	373.500,00 €	444.465,00 €	524.468,70 €	5,83%
33 CEP Celso Emilio Ferreiro	35.200,00 €	- €	- €	308.000,00 €	- €	- €	- €	343.200,00 €	408.408,00 €	481.921,44 €	5,38%
34 CEP Emilia Pardo Bazan	63.320,00 €	27.425,00 €	- €	59.400,00 €	- €	- €	- €	150.145,00 €	178.646,75 €	210.805,53 €	2,35%
35 CEP Ses do Nadal	30.800,00 €	20.475,00 €	- €	- €	873.000,00 €	320.000,00 €	70.000,00 €	13.162,75 €	1.566.367,25 €	1.848.313,36 €	20,81%
36 CEP Las Ues	34.400,00 €	28.528,90 €	- €	64.575,00 €	- €	- €	- €	127.503,90 €	151.776,77 €	179.806,58 €	2,00%
37 CEP Escutor Acuña	52.480,00 €	12.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	64.480,00 €	76.731,20 €	90.542,82 €	1,01%
38 CEP Pastor Luxorio	57.600,00 €	140.000,00 €	40.000,00 €	- €	- €	- €	- €	237.600,00 €	282.744,00 €	333.637,92 €	3,72%
39 CEP Piroso Dos Camilo	40.000,00 €	27.125,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	67.125,00 €	79.878,75 €	94.256,93 €	1,05%
40 CEP Carrazqueira	62.400,00 €	17.017,89 €	10.000,00 €	- €	- €	- €	- €	90.417,89 €	107.397,10 €	126.944,67 €	1,42%
41 CEP A Pra-Tintoreira	32.000,00 €	71.750,00 €	6.400,00 €	- €	- €	- €	- €	110.150,00 €	131.078,50 €	154.672,63 €	1,73%
42 CEP O Pombal	298.760,00 €	140.000,00 €	40.000,00 €	56.017,50 €	- €	- €	- €	245.893,50 €	316.413,27 €	373.367,65 €	4,17%
43 CEP Valle Inclán	- €	15.750,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	15.750,00 €	18.742,50 €	22.116,15 €	0,25%
44 CEP Eduardo Pondal	308.400,00 €	37.485,00 €	10.000,00 €	81.000,00 €	- €	- €	- €	436.885,00 €	528.845,75 €	631.267,99 €	7,03%
45 CEP Otero Pedraza	32.000,00 €	26.617,50 €	8.000,00 €	- €	- €	- €	- €	66.617,50 €	79.274,83 €	93.544,29 €	1,04%
46 CEP Josefa Alonso	294.000,00 €	140.000,00 €	40.000,00 €	- €	- €	- €	- €	209.600,00 €	249.424,00 €	294.310,32 €	3,29%
47 CEP Alfonso R. Castiello	37.000,00 €	42.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	79.000,00 €	94.010,00 €	110.931,80 €	1,24%
48 CEP Laxe de Vego	70.800,00 €	35.280,00 €	- €	36.975,00 €	- €	- €	- €	143.055,00 €	170.235,45 €	200.877,83 €	2,24%
49 CEP Sántoro-Moledo	130.865,66 €	- €	- €	- €	- €	33.480,00 €	- €	46.545,66 €	55.414,21 €	65.388,76 €	0,73%
50 CEP Vicente Risco	27.672,00 €	25.357,50 €	9.600,00 €	23.250,00 €	- €	- €	- €	85.879,50 €	102.196,61 €	120.591,99 €	1,35%
51 CEP Santa Tegra	46.800,00 €	55.135,50 €	11.500,00 €	- €	- €	- €	- €	113.435,50 €	134.968,25 €	159.286,13 €	1,78%
52 CEP Frón-Tes	66.000,00 €	98.000,00 €	40.000,00 €	- €	- €	- €	- €	168.000,00 €	199.920,00 €	235.905,60 €	2,63%
53 CEP San Salvador	40.000,00 €	42.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	82.000,00 €	97.580,00 €	115.144,40 €	1,29%
54 CEP Purnial	40.000,00 €	27.125,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	67.125,00 €	79.878,75 €	94.256,93 €	1,05%
55 CEP Altamar	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	0,00%
56 CEP Sobrinos	40.000,00 €	23.100,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	63.100,00 €	75.069,00 €	88.405,02 €	0,99%
57 CEP Igrexa-Madrides	40.000,00 €	332.500,00 €	72.000,00 €	- €	- €	- €	- €	444.500,00 €	528.955,00 €	624.166,90 €	6,97%
58 CEP Douceiro Fleming	25.000,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	- €	25.000,00 €	29.750,00 €	35.105,60 €	0,39%
59 CEP Garcia Barban	36.000,00 €	43.512,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	79.512,00 €	94.619,28 €	111.650,75 €	1,23%
60 CEP Ramón y Cajal	- €	28.140,00 €	- €	- €	- €	- €	- €	28.140,00 €	33.486,60 €	39.514,19 €	0,44%
Subtotais	1.741.430,56 €	2.064.079,40 €	346.300,00 €	621.567,50 €	1.183.000,00 €	353.480,00 €	70.000,00 €	6.379.857,46 €	7.592.030,38 €	8.938.595,85 €	100,00%
Porcentaxes	22,30%	32,33%	5,43%	9,74%	18,54%	5,54%	1,00%				

Ás 19'45h retómase o seguinte punto da Orde do Día. Respecto aos puntos 3, 4 e 5, acórdase unificalos nos seguintes:

- Informe e propostas da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.
- Propostas da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.

3. e 4. Informe e propostas da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa:

- Achegas aos anteproxectos de lei
- Organización de xornadas sobre convivencia escolar

Intervén a presidenta da comisión, *M^a Carmen Lorenzo Vila*. Anima a continuar enviando as boas prácticas en convivencia, pois aínda se teñen recollido poucas e indica as 6 que están recollidas ata o de agora (2 de escolas infantís, 2 de ceips e outras 2 de Colexios concertados). Continúa expoñendo o traballo realizado pola súa comisión. Unha das peticións da Comisión ao Concello de fai tempo era o de elaborar o *“Catálogo de Actividades Educativas promovidas polo Concello de Vigo”* para que os centros saiban con quen teñen que contar durante o curso escolar. No último pleno pediuselles que fixeran comentarios a 2 anteproxectos (o de convivencia e participación da comunidade educativa -do goberno galego-, e o de igualdade de trato e non discriminación -do goberno estatal-).

3.1. Achegas aos anteproxectos de Lei

Antes de entrar no debate e resolución da proposta da Comisión, indícase polo Secretario que *Santiago Rodríguez* entregou unha proposta de emenda ao texto da ponencia da Comisión. Fai lectura da enmenda para coñecemento do Pleno. *A enmenda é aceptada pola presidenta e membros da Comisión presentes e propoñen que se incorpore ao texto que se someta a debate e votación:* (o texto da enmenda sinálase en gris).

achegas da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do Cemv

25 de xaneiro de 2011

Partimos de que existen xa “boas prácticas de convivencia” (2007: Plan Integral para a mellora da Convivencia Escolar; Observatorio Galego da convivencia escolar; Os plans de convivencia de cada centro educativo) que necesitarían ser avaliadas para coñecer a realidade escolar actual.

Consideramos prioritario adoptar medidas de carácter preventivo dirixidas a toda a comunidade educativa así como o compromiso para aumentar a formación.

Dentro do Plan de traballo, para este curso, da *Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa* do Consello Escolar Municipal de Vigo, está contemplado a recollida de “Boas Prácticas sobre Convivencia”, nos centros educativos do Concello de Vigo, que servirán como punto de achegamento e análise da realidade actual de Vigo para a elaboración dun Plan de Convivencia Municipal partindo de tres eixos estratéxicos: convivencia, participación e innovación educativa.

Recoñecendo a importancia de ter unha lei que regule e lexitime as accións a prol da convivencia, atopámonos cunha serie de matices que nos gustaría comentar e aportar ao Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa. Son estes:

- *É moi negativo que se pretenda regular a convivencia e participación sen promover a aportación, o debate e o consenso da Comunidade Educativa.*
- *Tamén é moi perxudicial que, carecendo dunha Lei galega do sistema educativo que fixe o marco que necesariamente condiciona a convivencia, dita norma teña rango de Lei coincidindo cunha maioría absoluta parlamentar que ademais non está a amosar a requirida vontade de consenso en cuestións básicas para a convivencia como a lingüística.*
- Non se define o concepto de convivencia nin de participación. Do mesmo xeito, se falamos de convivencia e participación sería conveniente falar de diálogo, interculturalidade, igualdade de xénero, valores, boas prácticas, cidadanía ... E tamén falar da convivencia en positivo.
- Non sitúa a convivencia no centro das finalidades do ensino. A convivencia apréndese igual que calquera disciplina e hai que poñer os medios para que isto sexa así. Deste xeito, formaremos cidadáns/ás responsables. E para iso, é preciso que o alumnado poida participar na resolución dos seus propios conflitos.
- A porcentaxe máis elevada, con moito, dos conflitos existentes nos centros educativos teñen

relación con disrupcións na aula. *As elevadas ratios profesor-a/alumnos-as e as conseguintes dificultades para a atención individual facilitan o conflito e dificultan a súa axeitada resolución.* En moitas ocasións, por falta de formación do profesorado non existe unha xestión da aula eficaz que corte ese tipo de problemas. Dende as direccións dos centros educativos constátase que moitos conflitos que chegan ás xefaturas de estudos non deberían de chegar se se xestionase ben a aula. Por iso é tan importante e necesaria unha formación integral dirixida ao profesorado sobre o ámbito da convivencia (comunicación, habilidades sociais, educación emocional, resolución de conflitos ...).

- A autoridade hai que gañala. Está ben dispor de mecanismos de defensa en determinados casos pero sen cambios metodolóxicos que muden o funcionamento nas aulas (aprendizaxe cooperativa, traballo en equipo e por proxectos, potenciación de metodoloxías que axuden á adquisición de competencias, ...) non acabaremos con esas disrupcións. Non podemos seguir no século XXI con metodoloxías do século XIX.
- Non ten en consideración o xa existente a respecto de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Non se aborda, máis que como unha conduta contraria, o tema do absentismo escolar. Tamén non se di nada de cómo afecta aos procesos de avaliación, de protocolos de actuación, etc... O absentismo é un grave problema do ensino nestes momentos que parece que ninguén quere abordar.
- Non hai unha gradación intermedia entre condutas leves e graves. Ou os conflitos son leves ou necesariamente hai que abrir expedientes disciplinarios.
- Non se abordan determinadas medidas de atención á diversidade como as Aulas de Atención Educativa.
- Obrigar ás familias a participar nos procedementos de corrección disciplinaria cando legalmente son convocados non é o camiño. As familias son potencialmente facilitadoras de procesos comunicativos sempre e cando se conte con elas dunha forma activa e democrática, sen presións nin imposicións.
- Non hai moito cambio en relación ao RD 732/95 de dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros. Actualízanse algúns temas relacionados coas novas tecnoloxías que xa están recollidos en multitude de Regulamentos de Réxime Interior. Isto non vai mudar en nada os comportamentos disruptivos.
- Non hai referencia na protección integral das vítimas de acoso escolar ao triángulo de maltrato entre iguais: ás vítimas, aos agresores/as e aos observadores/as. É necesario un tratamento educativo nos tres casos. A perspectiva da educación nos afectos, na empatía e nos sentimentos é o mellor antídoto ante situacións violentas.
- Non se explica o importante que é e cómo se vai fomentar a participación das familias na educación (incentivos á participación, escolas de nais e pais, ...). Deixalo todo nun procedemento de consulta non vai aumentar a participación dun xeito educativo.

O noso interese fundamental é velar polos dereitos dos nenos e nenas, en primeira instancia, pero tamén

porque se cumpran uns mínimos procedementos relacionais nun ambiente distendido, confiado e normalizado. A educación trae resultados a longo prazo, pero son eficaces e firmes, polo que temos que avogar por sistemas que favorezan a humanización do sistema educativo a través de metodoloxías máis próximas.

Obviouse a lectura no Pleno xa que tódolos concelleiros tiveron, coa antelación debida, o texto da proposta.

Debate

Gonzalo Fernández indica que lle parece unha selección de negatividades e que tardou moito en facerse. Considera que non é concreto e que o anteproxecto estivo colgado na rede e a comunidade educativa tivo tempo para facer aportacións.

M^a Carmen Lorenzo, Presidenta da Comisión, resposta que as achegas se fan desde a experiencia do cotián; non pretenden ser achegas técnicas. É o resultado do diálogo dentro da Comunidade educativa. Posiblemente non ten unha estrutura técnica para engadir a unha Lei.

Gonzalo Fernández, insiste en que no documento non está concreto.

M^a Carmen Lorenzo recalca que non son lexisladores e este documento seguiu os procedementos que este órgano colexiado esixe: pasar pola Comisión permanente e logo polo Pleno.

Manuel Rodríguez, representante do sector social e membro da comisión pedagóxica, defende o traballo feito e di que para nada ten negatividades. Tamén apunta que non vai servir para nada esta lei no día a día. Parece que se quixo sacar a lei e listo. Está ben que se nos recoñeza como “autoridade pública”, pero isto xa estaba recollido en sentenzas xudiciais. A lei non aporta nada do que non haxa xa.

Gonzalo Fernández: as achegas deberían dicir que debería constar isto e isto.

Manuel Rodríguez, insiste en que a Lei non vai resolver nada e que isto teña rango de lei e non se defina convivencia nen participación parécello ridículo.

Gonzalo Fernández indica que xa se debatiu onte no Parlamento.

Manuel Rodríguez: ao que está colgado no portal educativo da Xunta non se lle fixo ningún cambio desde o texto inicial.

Gonzalo Fernández: agora as achegas e as emendas teñen que ser a través de partidos políticos.

Rafael Ojea diríxese a Gonzalo Fernández indicándolle que o CEMV é un órgano recoñecido nas leis, un órgano de participación, non só de ámbito local senón autonómico e, nese sentido, expresa a súa vontade no momento que procedimentalmente correspondeu, que é no Pleno de cada trimestre.

M^a Carmen Lorenzo: nas achegas que se están a aportar fálase de convivencia en positivo e non en negativo.

Manuel Rodríguez insiste en que está escrito aquí non é ningunha novidade do que dín outras entidades. O absentismo si que é un problema grave e debería estar reflexado aí.

(Marchan Suso Amil e Antonio Madrid).

Sométese a votación o texto da Comisión coa emenda de *Santiago Rodríguez* xa incorporada:

Acordos adoptados
Facer públicas as achegas aos anteproxectos de lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, e da lei integral de Igualdade de Trato e Non Discriminación.
- Votos a favor, 11: [<i>Laura López, Santiago Rodríguez, Manuel Rodríguez, M^a Carmen Lorenzo, Bertila Fernández, Mónica Touza, M^a Cristina de la Calle, Xan Centrón, Mercedes Alonso, Rodrigo Romaní, Cipriano L. Jiménez</i>] - Votos en contra, 1: [<i>Gonzalo Fernández</i>] - Abstencións, 2: [<i>Dolores Iranzo, Francisco Rodríguez</i>]

3.2. Proposta de organización das Xornadas sobre Convivencia Escolar.

Expón *M^a Carmen Lorenzo*, a Presidenta da Comisión esta proposta, para realizar o 7 de outubro de 2011, en xornada de mañán e tarde. Quérese contar a experiencia de “Aprender a Convivir” que se fixera hai anos no Concello de Vigo. Logo, un espazo para expor brevemente as boas prácticas realizadas nos colexios recollidas polo CEMV e a intervención dun experto nun concello que tivese xa Plan Municipal de Convivencia Escolar. Preténdese contar coa intervención de institucións de relevancia para levar adiante un plan de convivencia. Finalmente faríase unha exposición de paneis no que se recollera toda a información.

Lévase a votación e acórdase o seguinte:

Acordos adoptados
Organización e celebración das Xornadas sobre Convivencia Escolar.
A favor: por unanimidade

5. Proposta da Comisión de Equipamentos: reiterar as propostas xa feitas

Comprácese *Mercedes Lorenzo*, a Presidenta desta Comisión, do apoio manifestado verbalmente pola Universidade, en conversa mantida coa concelleira de Educación, e do ofrecemento desta para a realización do Mapa Escolar, se ben espera que isto se concrete e materialice. Recorda que se presenta unha proposta de reiteración das propostas xa entregadas. Recorda tamén o plan de traballo da Comisión (mapa escolar, instalacións deportivas e comedores).

Enténdese que se reiteran as mesmas cuestións que xa foran aprobadas pola Comisión (Colexio Altamar e Mapa Escolar). Destaca que tampouco se levou a cabo trasladar ao Pleno Municipal as cuestións suxeridas pola Comisión, o que se reitera de novo o de meter esta proposta en Pleno Municipal para que quede constancia. Outra das cousas que se vén pedindo desde principios deste curso escolar e con urxencia é o tema do Colexio Altamar que segue sen haber nin solucións nin visos de aprobación. Non pode seguir así outro curso máis.

Laura López: si se levou a moción ao pleno municipal como moción, pero non entrou na orde do día por decidir a xunta de portavoces municipal incluír outros temas que consideraron prioritarios. Os portavoces

dos grupos reúnen e deciden qué vai a pleno e qué non, e as mocións de educación quedaron fóra. Propón, neste sentido, que en vindeiras ocasións sexa o Vicepresidente do Cemv quen presente trimestralmente as cuestións tratadas no Pleno do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo (mocións ou propostas); esta fórmula alternativa sería alternativa máis eficaz que a de presentación dos acordos do Cemv como meras mocións no Pleno do Concello.

Mercedes Lorenzo: a vía máis correcta sería presentalas a través da propia Concellería de Educación, que é a instancia responsable de que isto saia adiante.

Laura López reitera o funcionamento de escolla de temas para ir ao pleno, e explica o sistema de “demanda social”.

Santiago Rodríguez di que son compatibles as dúas vías (por medio da concellería e por “demanda social”).

Rafael Ojea explica que é importante desenvolver o Regulamento do CEMV e cita o seu artigo 17.9.

9.- Cando o Pleno ou a Comisión Permanente do CEMV considere necesario efectuar unha exposición ante o Concello Pleno ou a Xunta de Goberno Local en relación con algún punto da orde do día, sempre que estea relacionado coa natureza do CEMV, deberá solicitalo, a través do presidente do CEMV, ao alcalde cunha antelación mínima de dous días hábiles á realización da xuntanza. De ser concedida a citada exposición, o CEMV designará un único representante para expor o seu parecer durante o tempo que sinala o alcalde, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

A estes efectos, as convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno do Concello de Vigo serán comunicadas ao CEMV.

Laura López engade, respecto do tema de Altamar, que a proposta lóxica era presentala ao concello, e aprobouse neste Pleno do CEMV que o Colexio debíase construír no espazo que actualmente ocupa, ampliándoo, baseándose nos informes favorables da oficina de urbanismo municipal. Ademais, teñen unha residencia de estudantes que poden utilizar para colexio, facendo outra residencia fóra dese ámbito. Déronselle esas dúas opcións. O que non se apoia desde o concello é o espazo do Museo Liste por razóns de conservar espazo verde e os veciños tampouco están pola labor. Temos que buscar a fórmula de que a Xunta de Galicia o entenda.

Gonzalo Fernández indica que máis que un edificio, o que a Xunta de Galicia pide é unha parcela. O que indica a unidade técnica da xefatura territorial é que non reúne uns requisitos técnicos.

(Marchan M^a Cristina de la Calle e Cipriano Jiménez).

Como o tema xa foi debatido, sométese a votación:

Acordos adoptados

Reiterar as propostas da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.

- Votos a favor, 11: [Laura López, Santiago Rodríguez, Manuel Rodríguez, M^a Carmen Lorenzo, Fran Rodríguez, Dolores Iranzo, Bertila Fernández, Mónica Touza, Xan Centrón, Mercedes Alonso, Rodrigo Romaní]
- Votos en contra, 1: [Gonzalo Fernández]
- Abstencións, 0.

6. As voces do CEMV

Laura López fai lectura das achegas recibidas soamente por catro concelleiros do CEMV, nos días previos á celebración deste Pleno, tal e como se propuxera dende a súa Comisión Permanente.

Alfonso Guitián solicita que se identifique qué persoas escribiron cada cousa, e se acepta

AS VOCES DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (abril de 2011)

Xesús Rodríguez Amil

- Potenciar a aprendizaxe da lingua galega para manter unha boa competencia nas dúas linguas cooficiais.
- Estimular a convivencia e tolerancia nos centros educativos, respectando a cultura dos inmigrantes e promovendo o respecto aos nosos costumes e a integración na nosa sociedade.
- Aumentar o investimento en axudas e becas para aquel alumnado que o precise.
- Promover dende o Concello unha relación estreita entre a Comunidade educativa dos Centros e os Servizos sociais para prever e resolver posibles conflitos.

J. Francisco Rodríguez

- Trato en igualdade ao alumnado dos centros independentemente da orixe da propiedade do centro.

Santiago Rodríguez

- O CEMV é un órgano CONSULTIVO e de participación da comunidade educativa en materia EDUCATIVA instituído por LEI para o mellor funcionamento das institucións DEMOCRÁTICAS. As persoas que desinteresadamente traballamos nel, queremos ser escoitadas, consultadas, e tidas en conta , desde calquera área de goberno; tamén é responsabilidade do noso Concello, trasladar á Xunta os nosos ditames e suxestións.
- Constatada a insuficiente oferta educativa pública no centro da cidade de Vigo, e dada a proximidade que o servizo educativo require, **consideramos responsabilidade do Concello**, polas súas competencias e pola cercanía ao seu entorno, **promover urxentemente a utilización, en óptimas condicións, de todos os espazos urbanísticos educativos dispoñíbeis.**

M^a Carmen Lorenzo Vila

- Os valores dunha cidade que educa pasan por tomar conciencia, todos e cada un dos axentes sociais, de que participando, implicándose, escoitando, chegando a acordos, é o único xeito de aprender, de formarse e de mellorar a calidade educativa.

7. Moción de Surgapa sobre o Pilivigo 2011

Francisco Rodríguez comeza a súa intervención dicindo que vai ser breve porque todos/as coñecen o texto do recurso. Xa o ano pasado presentaron esta preocupación. O criterio que se puxo no concello con respecto aos nenos da cidade que estudan en concertados é discriminatorio porque a única diferenza é a titularidade do centro e non dos alumnos. Di que é o único concello do Estado que fai esta discriminación. Entende que así non se apoia ás persoas con menos recursos. Recorda tamén que a Xunta de Galicia creou as bolsas abertas a todo o mundo. Nomea unha Sentenza do 24 de marzo de 2011, do tribunal superior de xustiza, en Extremadura (punto 5), na que para un programa semellante, fala da vulneración dos dereitos constitucionais de igualdade de educación. Lé uns parágrafos da sentenza que, baixo o seu punto de vista, amosa a discriminación, pois non se garante que accedan as persoas que teñan menos medios, senón só pola pertenza a un determinado centro. O punto 14 da Constitución Española fala da “libre elección de centro” por parte das familias. Non queren que se lle quite nada á pública senón que non se lle quite nada aos nenos e nenas que van á concertada. Non entende que diga que a moción de SURGAPA é unha postura política, pois esta asociación non representa a ningún partido político. Están defendendo os dereitos dos seus fillos, e hai familias que pertencerán a moitas ideoloxías. Non é unha situación igualitaria, polo que queremos un trato en igualdade.

Laura López: é intención do Concello responder esta vez ao recurso e non resolver este asunto por silencio administrativo, como pasou o ano pasado. O Concello non é a Consellería de Educación e o Concello ten competencias fundamentalmente en ensino público. Non teñen competencias nos centros concertados. Nós facemos programas para todo o mundo, pero temos cuestión preferente para o ensino público que é o que lle corresponde atender ao concello. O problema este ano é que a Xunta de Galicia non convocou prazas de inmersión no estranxeiro para secundaria. Isto provocou un gran aumento da demanda no concello. Cando un elixe centro, elixe con todas as consecuencias.

Francisco Rodríguez explica que SURGAPA vai presentar este recurso ao contencioso-administrativo, a pesar dos seus escasos recursos económicos. Entende que deberían propoñerse na convocatoria do programa PILI baremos de renda. Son cartos de todos os contribuíntes vigueses e como tal, teñen os mesmos dereitos uns nenos que outros. O alcalde o ano pasado dixo que “o ano que vén intentaremos facer as cousas ben”. O adicado a PILIvigo é unha parte independente do orzamento que se dá aos centros públicos. Hai douscentos e pico rapaces que se van a quedar fóra.

Alfonso Guitián: apoia a intervención de *Laura López*, xa que o concello fai programas co orzamento que ten para os colexios públicos, que é onde ten que presupostar.

Mantense un debate entre *Alfonso Guitián* e *Francisco Rodríguez* sobre os temas de discriminación

(inmigración, problemas varios, familias desestruturadas) e a titularidade dos centros.

Mª Carmen Lorenzo: entende que o Concello está para atender aos nenos de Vigo, sexan da pública ou da concertada. Ela traballa nun centro privado concertado e indica que unha porcentaxe importante escolariza alumnado en situacións igualmente con problemas sociais variados. Entende que hai discriminación cos nenos que asisten a estes colexios. Cando se implica no Cemv é porque cre na convivencia. Acaso existen prazas para todos os nenos se non van á privada-concertada? Está cansa de que se bote en cara de se a pública ten máis ou menos recursos.

Gonzalo Fernández, entende que non debe haber discriminacións. Matiza que sobre as normas de admisión nos centros concertados houbo unha sentenza que eliminou as duplicidades, pero non a obriga que teñen os pais de presentar unha única solicitude no centro de preferencia. Ese punto da normativa non está derogado. O único que se derogou foi a sanción, pero a administración notificaralle que onde presentou a primeira solicitude é a que se considera como preferente.

Xan Centrón: indica que a reclamación de “non discriminación” debería ser, para seren críbles, en tódolos temas: non pode ser á carta. Se escollo un centro, ten que ser con todas as consecuencias.

Santiago Rodríguez, a consideración de que os centros concertados son tan públicos coma os públicos e non é verdade. Os concertados teñen un propietario.

Francisco Rodríguez pón como exemplo a sanidade pública e privada concertada, onde non é concebible esta discriminación. Afirma tamén que debería haber un control das contas tamén nos concertados.

Alfonso Guitián:: do tema das contas sabe porque a el, como director, se lle pide unha xestión rigorosa das contas.

Francisco Rodríguez: os concertados tiñan que ter un control tamén en todo, e igualdade de trato no alumnado.

Rafael Ojea: expón datos sobre a convocatoria PILI 2011, para axudar a formar unha opinión do Consello: o ano pasado, das 250 prazas convocadas, corresponderon 60 para os centros concertados. Este ano ampliáronse 40 prazas máis. As previsións do Concello de abranguer á práctica totalidade dos solicitantes que cumpriren as condicións, fóronse truncando como consecuencia da non convocatoria, no presente ano, de prazas de inmersión no estranxeiro para a ESO por parte da Xunta de Galicia. O reparto teórico de aportación entre ambas administracións parecía razoable, pero o que ocorreu é que este ano non hai ningunha praza pública da Xunta de Galicia, rachándose ese reparto posible. Hai outro elemento a maiores na convocatoria municipal deste ano que cómpre saber: introduciuse unha cláusula que facía incompatible ir a un programa e a outro. Así entendía o Concello que íamos atender a todos, ao aumentar as prazas, pero non foi así polas causas aducidas.

Bertila Fernández introduce o tema dos beneficios posibles das fundacións dos centros privados, que foran para bolsas de axuda no estranxeiro. É un debate que nunca lle gustou porque todos somos pais e nais. Escollemos a pública e respectamos a aqueles que van á concertada. Na federación reciben moitas queixas de pais da concertada que pagan cotas esaxeradas.

Francisco Rodríguez: SURGAPA mantén e así o ten expresado que os centros dean as contas claras e dean explicacións. Hai unha esixencia de control neste sentido.

Laura López: o debate tan aberto pode alongarse moito. Respostarase a SURGAPA en canto se emita o

informe da asesoría xurídica municipal sobre o recurso.

Francisco Rodríguez apunta que lle molestou o que dixo o alcalde o outro día, porque non son de ningún partido. Os nenos/as non teñen por que estar discriminados.

Laura López le a proposta de resolución de Surgapa:

ANTECEDENTES

Programa PiliVigo2011

TEXTO

En las bases del programa del PILIVIGO 2011 se ha producido una grave discriminación a los alumnos de los colegios concertados. Por lo que solicitamos la igualdad de trato para todos los alumnos de centros sostenidos con fondos públicos "centros de titularidad pública y concertados".

Acordos adoptados
Moción sobre o Pilivigo 2011 onde se solicita a igualdade de trato para todos os alumnos de centros sostidos con fondos públicos "centros de titularidade pública e concertados".
- Votos a favor, 4: [<i>Fran Rodríguez, Dolores Iranzo, Gonzalo Fernández, M^a Carmen Lorenzo</i>] - Votos en contra, 7: [<i>Laura López, Santiago Rodríguez, Bertila Fernández, Mónica Touza, Xan Centrón, Mercedes Alonso, Rodrigo Romaní</i>] - Abstencións, 1: [<i>Manuel Rodríguez</i>]

Asuntos fóra da orde do día.

Moción sobre o Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.

Santiago Rodríguez le a moción (xa citada e transcrita ao comezo da acta).

Acordos adoptados
Sométese a Moción, sobre o Anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, a votación.
- Votos a favor, 10. - Votos en contra, 0. - Abstencións, 2.

8. Rogos e preguntas

Rogo 1.- Explica *Alfonso Guitián* que saíu en prensa unha información de que os directores plantaran ao

alcalde. Afirmar que non é certa. Saiu no xornal La Voz de Galicia.

Con respecto ao informe da Presidenta, di que non está de acordo con que se estea racionalizando pois entende que isto non se está facendo ben. E tampouco o tema dos conserxes que entende que é nefasto.

Engade que non quere polemizar -xa sabemos máis ou menos as posturas que ten cada un-, con respecto á autoxestión; dise que se está racionalizando pero no sentir dos directores, xa o dixemos o outro día, parece que a están dinamitando. Non se fai ese mantemento pactado. De momento, temos que seguir arreglando o que son as alarmas, etc, etc. Non coñezo para nada de que se fixeran canalóns. A poda, non estamos dacordo como se está facendo, etc. E despois, eiquí, implico ao concello, non á concellería. A xestión dos conserxes parécenos nefasta. Sobre todo no caso de cando un conserxe colle unha baixa: non se repón na maioría dos casos. Actualmente están varios centros sen conserxe, o cal supón que o colexio esté en risco de mantemento, de vixilancia, de seguridade, en fin, todas as funcións propias que ten un conserxe. Nada máis, non entro en máis polémicas. Simplemente, quero que conste en acta e para o que veña pois que teña eso en conta.

Intervén *Laura López* dicindo que de 64 directores só foron 18 á reunión citada por Alfonso Guitián. Tocante á autoxestión, aclara que non é este o momento de comentar isto: será cos directores todos, porque quere oírle dicir a todos eles o que está dicindo Alfonso Guitián. En canto aos conserxes, teño que aclarar que os conserxes son funcionarios do concello e que non son funcionarios de educación e que o xefe de personal é o xefe de personal.

Rafael Ojea (pide a palabra como secretario do Cemv): para recoller en acta ben a cuestión: cando se di “os directores” ¿hai algún acordo expreso con eles, ou o expresado é unha opinión persoal?, porque é conveniente recollelo así. Hai un acordo recollido en acta?

Aclara *Alfonso Guitián* que fala a título persoal e non en nome dos directores. Indica que é “un sentir” dos directores.

Rafael Ojea, intervén para indicar que dada a complexidade do tema e que probablemente os membros do Consello Escolar descoñezan, sería axeitado que se plantee nunha orde do día, abranguendo o desenvolvemento da competencia municipal en mantemento dos centros para poder analizar efectivamente cómo funciona este asunto. Sobre todo, cre que é importante o tema da fiscalización dos cartos públicos; Cómo se fai desde o Concello de Vigo?, por iso considera máis axeitado tratalo dentro da orde do día, e non como un rogo ou unha pregunta.

Alfonso Guitián admite que se poña “a miña opinión como representante dos directores, da asociación de directores de colexios públicos de Vigo”.

Santiago Rodríguez puntualiza que a intervención foi clara e que, de tódalas maneiras, o que importaría destacar é o que di de que hai conserxes que o concello non repón cando se encontran en baixa.

Rafael Ojea, indicando que fai esta intervención acerca do tema dos conserxes como xefe de servizo de Educación, afirma que hai 7 conserxes repoñendo baixas e, cando se pasa desta cifra, non é posible repoñer todas. Actualmente, indica, hai 9 de baixa polo que hai dous colexios temporalmente sen repoñer,

Rogo 2.- *Santiago Rodríguez* dá unha información sobre un estudo da CIG que quere que se coñeza sobre a situación da escolarización en Vigo que demostra a falta de prazas existente neste momento nos

colexios de infantil de titularidade pública. Hai 13 colexios públicos que non dispoñen de prazas escolares para as familias que o solicitan. A Consellería aposta polo ensino privado no Concello de Vigo. A falta de prazas escolares é moi parecido no centro como na periferia. O dato da falta sobre todo afecta a infantil, de 3 a 6, pero recabáronse datos tamén de primaria.

Rogo 3.- *Bertila Fernández* fai un rogo con respecto ao montañeiro falecido, xa que contactou coa familia para saber en qué consistiría a homenaxe. E recorda tamén a García Picher.

Laura López contéstalle que, efectivamente, é algo pendente de articular.

Ás 21,00, sen máis asuntos que tratar, a Presidenta dá por rematada a sesión.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Rafael Ojea Pérez

Laura López Atrio

Acta aprobada por unanimidade na sesión plenaria do 3 de novembro de 2011